

CONSULTA PUBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

Expediente de aprobación de “Ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira”

Por providencia da alcaldía de data 9/10/2018 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación da Ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira”.

O informe xurídico de secretaria de data 16/10/2018 sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizárase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de ordenanza inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais, os afectados ou calquera cidadán poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que a ordenanza trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICMANTE

A ALCALDESA
María Barral Varela